



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 1 de marzo de 2018** adoptou o seguinte acordo:

9.- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN” NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA A ATENCIÓN Á CIDADANÍA MEDIANTE COIDADORES DE BARRIO E O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL. EXPTE. 14812/77.

Visto o informe de fiscalización de data 22/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 12/02/18, asinado pola técnica de administración xeral , o xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º) Con data 16/01/2018 dende o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego elevouse informe-proposta de acordo á Xunta de Goberno Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita con carácter previo á adopción do acordo (expte. 14.812/77).

2º) Con data 02/02/2017 devólvese o expediente ao servizo xestor para a subsanación das observacións formuladas pola Intervención Xeral Municipal, que *deberá revisar os custos salariais e xerais de cada unha das anualidades segundo as previsións de execución do Proxecto.*

3º) Por parte do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego procedeuse á revisión dos custos salariais e xerais de cada unha das anualidades dacordo co orzamento modificado achegado pola Fundación Érguete-Integración en data 09/02/2018 (CÓD. SOLICITUDE W261463-1775), polo que cómpre a remisión á Intervención Xeral Municipal do seguinte:

INFORME-PROPOSTA

I. Obxecto:

O presente expediente ten por obxecto a aprobación do convenio de colaboración coa Fundación ERGUETE-INTEGRACIÓN no marco do plan municipal de emprego que dea continuidade aos servizos para a atención a cidadanía mediante coidadores de barrio e o desenvolvemento de actividades de interese social.

A Fundación ERGUETE-Integración mediante escrito con Rexistro de entrada de data 20/12/2017 (DOC. 170178480) e orzamento modificado achegado en data 09/02/2018 (CÓD. SOLICITUDE W261463-1775), solicita a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio para a realización de **45 contratos laborais novos para o ano 2018-2019 e dous** (a Directora e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 1 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a Psicóloga) que son persoal propio da Fundación necesarios para levar a cabo un bo desenvolvemento do programa de inserción sociolaboral.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización e o expediente incorpora as preceptivas certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da SS.SS., AEAT e Axencia Tributaria de Galicia.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, e moi especialmente daqueles colectivos de persoas con risco ou situación de exclusión social, procurando que os custes do convenio de colaboración coa fundación sexan inferiores aos que soportaría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da Fundación ERGUETE-Integración.

O concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, dentro das súas políticas de emprego continúa cunha proposta municipal de Fomento do Emprego, que dará continuación ás realizadas desde o ano 2012 ata o ano 2017, para a atención á cidadanía mediante coidadores de barrio, de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.

Esta nova proposta municipal de Fomento do Emprego para os anos 2018 e 2019 xorde para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola crise económica actual.

Dentro desta nova proposta municipal de Fomento do Emprego para todo o 2018 e os primeiros 10 meses do 2019, temos en conta os novos nichos de emprego entre os que a formación experiencial de persoas no apoio ás persoas con risco ou situación de exclusión social, incrementen as súas posibilidades de empregabilidade, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e, *moi especialmente nos anos 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017*, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa Fundación Erguete-INTEGRACIÓN: no 2012 para a “ATENCIÓN A CIDADANÍA MEDIANTE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 2 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

COIDADORES DE BARRIO NO CASCO VELLO E CALVARIO E O COIDADO DO PAVILLÓN DE TEIS” por importe de 345.000,00 € e a contratación de 20 desempregadas/os, no ano 2013 para a “ATENCIÓN A CIDADANÍA MEDIANTE COIDADORES DE BARRIO, A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN, AO FOMENTO DOS BANCOS DE TEMPO E DE LIBROS DE TEXTO”, por importe de 307.715,25 €; para a contratación de 47 persoas desempregadas nos anos 2014 e 2015 por un importe total 947.000,00 €; para a contratación de 47 persoas desempregadas no ano 2016 e 56 persoas desempregadas no ano 2017 por un importe total 1,180.000,00 €.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

E a súa vez, relacionada coa Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime local, así como a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, podendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dentro destes a mellora da seguridade en lugares públicos neste caso que nos ocupa nos barrios de Teis, Travesas e Coia, no casco histórico e nas parroquias de O Calvario e Bouzas, a prestación de servizos promoción e reinserción social, así como a dinamización de actividades que fomenten a solidariedade, a colaboración e as relacións interpersonais, mediante a promoción dos bancos de tempo e dos bancos de libros de texto, se lle ofrezca aos veciños e veciñas de Vigo.

III. Procedemento de concesión directa:

Poderán concederse subvencións de forma directa nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións a tenor do previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos art. 19.4.a) e c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así coma no previsto na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2018.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 3 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

O profundo coñecemento que ten a Fundación ERGUETE-Integración da situación das persoas en risco ou situación de exclusión social, así como a falta de persoal especializado no acompañamento e apoio das mesmas no Concello de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Asociación Fundación ERGUETE-Integración non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será plurianual, cunha duración de dous anos: dende a aprobación do mesmo ata o 31 de outubro do ano 2019.

Ao abeiro do disposto no artigo 57 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e a Base 26 das de Execución do Orzamento prevese unha subvención plurianual, cumpríndose o requisito indispensable de que a execución do gasto se inicie no propio exercicio.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de 1.080.000,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 4890020 “Convenio Erguete Inserción laboral”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, correspondendo a cantidade de 540.000,00 ao orzamento de 2018 e 540.000,00 ao orzamento de 2019, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Fundación Érguete-Integración no orzamento de dito ano.

Os custes do programa, segundo o proxecto modificado achegado son:

- Custes salariais: O gasto de persoal comprende os meses de marzo a decembro do 2018 e de xaneiro a outubro de 2019 (coa liquidación correspondente pola finalización dos contratos temporais). Contéplanse os gastos derivados de contratar a algunha das persoas que resulten suplentes na selección de persoal para substitucións causadas por baixas médicas e vacacións.

2018 ORZAMENTO ESTIMADO ANUAL DO PROXECTO

Dirección e coordinación

POSTO	N.º	CUSTE SALARIAL	XORNADA
Coordinador/a	1	14.000,00 €	Parcial
Psicóloga	1	13.500,00 €	Parcial
Administrativa	1	14.000,00 €	Completa
Persoal limpeza	2	12.000,00 €	Parcial
Educadora	1	13.000,00 €	Parcial



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 4 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Coidadores/as de barrio por zonas de actuación

O CALVARIO

Coordinador/a	1	15.000,00 €	Completa
Coidador/a de Barrio	5	47.500,00 €	Parcial

TEIS

Coordinador/a	1	15.000,00 €	Completa
Coidador/a de Barrio	5	47.500,00 €	Parcial

CASCO VELLO

Coordinador/a	1	15.000,00 €	Completa
Coidador/a de Barrio	5	47.500,00 €	Parcial

BOUZAS / COIA

Coordinador/a	1	15.000,00 €	Completa
Coidador/a de Barrio	7	66.500,00 €	Parcial

TRAVESAS

Coordinador/a	1	15.000,00 €	Completa
Coidador/a de Barrio	5	47.500,00 €	Parcial

EQUIPO APOIO

Capataz	1	15.000,00 €	Completa
Peón	1	9.900,00 €	Parcial

REDUCION DANO

Coidador/a de Barrio	2	19.000,00 €	Parcial
Coidador/a-limpeza	1	7.600,00 €	Parcial

BANCO DO TEMPO

Dinamizador/a	4	34.000,00 €	Parcial
---------------	---	-------------	---------

Persoal para substitución
de baixas e vacacións

10.000,00 €

GASTOS PERSOAL 47 493.500,00 €

2019 ORZAMENTO ESTIMADO ANUAL DO PROXECTO

Dirección e coordinación

POSTO	N.º	CUSTE SALARIAL	XORNADA
Coordinador/a	1	10.800,00 €	Parcial
Psicóloga	1	10.500,00 €	Parcial
Administrativa	1	14.700,00 €	Completa
Persoal limpeza	2	12.600,00 €	Parcial
Educadora	1	13.650,00 €	Parcial

Coidadores/as de barrio por zonas de actuación

O CALVARIO

Coordinador/a	1	15.750,00 €	Completa
Coidador/a de Barrio	5	49.855,00 €	Parcial

TEIS

Coordinador/a	1	15.750,00 €	Completa
Coidador/a de Barrio	5	49.855,00 €	Parcial

CASCO VELLO

Coordinador/a	1	15.750,00 €	Completa
Coidador/a de Barrio	5	49.855,00 €	Parcial

BOUZAS / COIA



Coordinador/a	1	15.750,00 €	Completa
Coidador/a de Barrio	7	69.800,00 €	Parcial
TRAVESAS			
Coordinador/a	1	15.750,00 €	Completa
Coidador/a de Barrio	5	49.855,00 €	Parcial
EQUIPO APOIO			
Capataz	1	15.750,00 €	Completa
Peón	1	10.400,00 €	Parcial
REDUCCIÓN DANO			
Coidador/a de Barrio	2	19.950,00 €	Parcial
Coidador/a-limpeza	1	7.980,00 €	Parcial
BANCO DO TEMPO			
Dinamizador/a	4	35.700,00 €	Parcial
Persoal para substitución de baixas e vacacións		10.000,00 €	
GASTOS PERSOAL	47	510.000,00 €	

- Gastos xerais en concepto de Pólizas, telefonía, seguros, combustibles, aluguer de transporte, asesoría, publicidade, formación, vestiario, etc:
 - 2018: 46.500,00 €
 - 2019: 30.000,00 €
- Custes totais 2018:
 - Custes de persoal a cargo da entidade: 493.500,00 €
 - Gastos xerais de funcionamento: 46.500,00 €
 - **Importe total do programa: 540.000,00 €**
- Custes totais 2019:
 - Custes de persoal a cargo da entidade: 510.000,00 €
 - Gastos xerais de funcionamento: 30.000,00 €
 - **Importe total do programa: 540.000,00 €**

A xustificación da concesión directa da axuda á Fundación Erguete-Integracións, realízase tendo en conta os custes estimados conforme a aplicación do establecido no convenio municipal para a contratación do persoal proposto e coa xornada indicada, necesarios sen ter en conta outros gastos como mantemento das instalacións, enerxía eléctrica, auga, etc, que suporía a cantidade de 493.500,00 € no 2018 e 510.000,00 para o ano 2019, en tanto que coa aplicación dos custes salariais propios do convenio aplicable no concello suporían 701.811,31 € no 2018 e 701.811,31 € para o ano 2019.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 6 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

CUSTES SALARIAIS ESTIMADOS 2018

Categoría	Numero	CUSTE SALARIAL ERGUETE	Categoría Concello	Retribucións anuais Concello xornada completa	retribuciones Concello MARZO-DECEMBRO-2018	Xornada laboral
DIRECCIÓN E XESTIÓN						
COORDINACION	1	14.000,00 €	TITULADO SUPERIOR	58.033,25 €	24.180,52 €	50,00%
PSICOLOGA	1	13.500,00 €	TITULADO SUPERIOR	58.033,25 €	24.180,52 €	50,00%
ADMINISTRATIVA	1	14.000,00 €	ADMINISTRATIVA	33.640,77 €	28.033,98 €	100,00%
LIMPIADORA	2	12.000,00 €	PEÓN	28.799,97 €	23.999,97 €	50,00%
EDUCADORA	1	13.000,00 €	TECNICO MEDIO	50.022,39 €	20.842,66 €	50,00%
COIDADORES/AS						
COORDINADORA CALVARIO	1	15.000,00 €	AUX. ADMINISTRATIVA	30.173,05 €	25.144,21 €	100,00%
COIDADOR/A BARRIO CALVARIO	5	47.500,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	59.999,93 €	50,00%
COORDINADOR TEIS	1	15.000,00 €	AUX. ADMINISTRATIVA	30.173,05 €	25.144,21 €	100,00%
COIDADOR/A BARRIO TEIS	5	47.500,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	59.999,93 €	50,00%
COORDINADORA CASCO VELLO	1	15.000,00 €	AUX. ADMINISTRATIVA	30.173,05 €	25.144,21 €	100,00%
COIDADOR/A BARRIO CASCO VELLO	5	47.500,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	59.999,93 €	50,00%
COORDINADORA BOUZAS-COIA	1	15.000,00 €	AUX. ADMINISTRATIVA	30.173,05 €	25.144,21 €	100,00%
COIDADOR/A BARRIO BOUZAS-COIA	7	66.500,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	83.999,90 €	50,00%
COORDINADORA TRAVESAS	1	15.000,00 €	AUX. ADMINISTRATIVA	30.173,05 €	25.144,21 €	100,00%
COIDADOR/A BARRIO TRAVESAS	5	47.500,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	59.999,93 €	50,00%
EQUIPO DE APOIO						
CAPATAZ EQUIPO APOIO COIDADORES	1	15.000,00 €	CAPATAZ	39.077,56 €	32.564,63 €	100,00%
APOIO COIDADORES	1	9.900,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	11.999,99 €	50,00%
REDUCCIÓN DE DANO						
COIDADORES/AS	2	19.000,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	23.999,97 €	50,00%
COIDADOR/A LIMPIEZA	1	7.600,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	11.999,99 €	50,00%
BANCO DO TEMPO						
DINAMIZADOR/AS	4	34.000,00 €	AUX. ADMINISTRATIVA	30.173,05 €	50.288,42 €	50,00%
Personal para substitución de baixas e vacacións		10.000,00 €				
CUSTES SALARIAIS TOTAIS	47	493.500,00 €	CUSTES SALARIAIS CONCELLO		701.811,31 €	

CUSTES SALARIAIS ESTIMADOS 2019

Categoría	Numero	CUSTE SALARIAL ERGUETE	Categoría Concello	Retribucións anuais Concello xornada completa	retribuciones Concello MARZO-DECEMBRO-2018	Xornada laboral
DIRECCIÓN E XESTIÓN						
COORDINACION	1	10.800,00 €	TITULADO SUPERIOR	58.033,25 €	24.180,52 €	50,00%
PSICOLOGA	1	10.500,00 €	TITULADO SUPERIOR	58.033,25 €	24.180,52 €	50,00%
ADMINISTRATIVA	1	14.700,00 €	ADMINISTRATIVA	33.640,77 €	28.033,98 €	100,00%
LIMPIADORA	2	12.600,00 €	PEÓN	28.799,97 €	23.999,97 €	50,00%
EDUCADORA	1	13.650,00 €	TECNICO MEDIO	50.022,39 €	20.842,66 €	50,00%
COIDADORES/AS						
COORDINADORA CALVARIO	1	15.750,00 €	AUX. ADMINISTRATIVA	30.173,05 €	25.144,21 €	100,00%
COIDADOR/A BARRIO CALVARIO	5	49.855,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	59.999,93 €	50,00%
COORDINADOR TEIS	1	15.750,00 €	AUX. ADMINISTRATIVA	30.173,05 €	25.144,21 €	100,00%
COIDADOR/A BARRIO TEIS	5	49.855,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	59.999,93 €	50,00%
COORDINADORA CASCO VELLO	1	15.750,00 €	AUX. ADMINISTRATIVA	30.173,05 €	25.144,21 €	100,00%
COIDADOR/A BARRIO CASCO VELLO	5	49.855,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	59.999,93 €	50,00%
COORDINADORA BOUZAS-COIA	1	15.750,00 €	AUX. ADMINISTRATIVA	30.173,05 €	25.144,21 €	100,00%
COIDADOR/A BARRIO BOUZAS-COIA	7	69.800,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	83.999,90 €	50,00%
COORDINADORA TRAVESAS	1	15.750,00 €	AUX. ADMINISTRATIVA	30.173,05 €	25.144,21 €	100,00%
COIDADOR/A BARRIO TRAVESAS	5	49.855,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	59.999,93 €	50,00%
EQUIPO DE APOIO						
CAPATAZ EQUIPO APOIO COIDADORES	1	15.750,00 €	CAPATAZ	39.077,56 €	32.564,63 €	100,00%
APOIO COIDADORES	1	10.400,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	11.999,99 €	50,00%
REDUCCIÓN DE DANO						
COIDADORES/AS	2	19.950,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	23.999,97 €	50,00%
COIDADOR/A LIMPIEZA	1	7.980,00 €	PEÓNS	28.799,97 €	11.999,99 €	50,00%
BANCO DO TEMPO						
DINAMIZADOR/AS	4	35.700,00 €	AUX. ADMINISTRATIVA	30.173,05 €	50.288,42 €	50,00%
Personal para substitución de baixas e vacacións		10.000,00 €				
CUSTES SALARIAIS TOTAIS	47	510.000,00 €	CUSTES SALARIAIS CONCELLO		701.811,31 €	



Aos efectos de cálculo da xornada, se tivo en conta como xornadas do 50% as indicadas como xornadas parciais na memoria.

Ademais dos custes propios do persoal **493.500,00 € no 2018 e 510.000,00 para o ano 2019**, estableceuse uns gastos necesarios para o desenvolvemento das accións previstas no convenio e que suman á cantidade total anual de **46.500,00 € no 2018 e 30.000,00 € no 2019**, que serán asumidos polo Concello de Vigo; os non incluídos no convenio, serán asumidos pola Fundación Érguete-Integración.

Establécese unha cláusula expresa no convenio referida á inexistencia de relación laboral entre os traballadores directa ou indirectamente beneficiarios da axuda que se pretende conceder á Fundación ERGUETE-Integración e o Concello de Vigo.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta nos termos previstos no convenio.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Este convenio de colaboración prevé os seguintes obxectivos:

1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a contratación de persoas en situación de risco de exclusión social.
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa atención ás persoas, así como nas labores de conserxería e coidado de instalacións deportivas, mediante a realización das actividades de:
 - a) Acompañamento ás persoas que o precisen nas súas labores cotiás.
 - b) Realizar servizos vitais de apoio a persoas maiores con problemas de mobilidade ou discapacidade.
 - c) Axudas, información e atención a indixentes e transeuntes.
 - d) Colaborar cos servizos de hostelería e turismo nos procesos de información e asesoramente a visitantes.
 - e) Colaboración cos servizos públicos e de emerxencias.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 8 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

3. Facilitar experiencia profesional relacionada coa xestión de administrativa, a atención ao público en proxectos relacionados:
 - a) Xestión, fomento e dinamización dos bancos de tempo en Vigo, como espazos de intercambio de tempo por servizos, e de relacións interpersonais.
 - b) Creación e xestión dun banco de libros de texto para que as familias de Vigo poidan compartir e intercambiar os libros de texto e, reduzan o desembolso habitual de principios de cada curso escolar.
 - c) Colaborar na redución de dano con drogodependentes en situación de emerxencia social, mediante unha unidade móbil no Casco Vello e noutras zonas de conflictividade na cidade de Vigo.

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos do Plan Municipal de Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.
- Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.
- Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigoeses que acudan ós servizos de emprego deste concello.
- Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral.
- Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.
- Inserir laboralmente ós colectivos con máis dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.
- Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.
- Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.
- Promover a solidariedade e a colaboración entre a veciñanza, cara a afrontar mellor a situación de crise actual.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; o estipulado no RDLG, 1/95 Estatuto Básico dos traballadores; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 9 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal*.

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 10 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a Fundación ERGUETE-Integración, con CIF: G36861078.*
- 2. Autorizar o gasto de 1.080.000,00 € como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4890020 "Convenio Erguete Inserción laboral", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, correspondendo a cantidade de 540.000,00 ao orzamento de 2018 e 540.000,00 ao orzamento de 2019, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Fundación Érguete-Integración no orzamento de dito ano.*
- 3. Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.*
- 4. Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme ao artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.*

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/04/2024 22:42

Páxina 11 de 21

SUBVENCIONS

CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“CONVENIO COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN” NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO” PARA A ATENCIÓN A CIDADANÍA MEDIANTE COIDADORES DE BARRIO E O DESENVOLVMENTO DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL ”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil dezaoto

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, Dona Carmen Avendaño Otero co DNI 35956947N en calidade de Presidenta da Fundación ERGUETE-Integración, conforme a escritura pública de data 12/03/2012, ten poder suficiente para actuar en nome da Fundación ERGUETE-Integración, con domicilio social en Avda. Martínez Garrido, 21 – Interior 36205 de VIGO e CIF G36861078.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

Que a mellora do benestar dos cidadáns de Vigo e especialmente das persoas en risco ou situación de exclusión social é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das persoas en risco ou situación de exclusión social, procurando que os custes do convenio de colaboración coa fundación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias da Fundación ERGUETE-Integración.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de persoas desempregadas reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa Fundación ERGUETE-Integración.

A colaboración coa Fundación ERGUETE-Integración, dentro do marco do Plan Municipal de Emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais e a imputación do persoal propio da entidade necesario para a supervisión, xestión e bo funcionamento do proxecto, se dinamice a inserción en profesións relacionadas coa formación e dinamización no acompañamento ás persoas residentes nas zonas de actuación, así como a dinamización de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 12 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

actividades que fomenten a solidariedade, a colaboración e as relacións interpersonais, mediante a promoción dos bancos de tempo, e en xeral do desenvolvemento de actividades de interese social e, se lle ofrezca aos veciños e veciñas de Vigo, así como ás persoas en risco de exclusión social a posibilidade de mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade.

MANIFESTAN

I.- Que a Fundación ERGUETE-Integración, conforme a súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 20/12/2017 co nº de documento 170178480, e orzamento modificado achegado en data 09/02/2018 (CÓD. SOLICITUDE W261463-1775), ten previsto este convenio de colaboración cos seguintes obxectivos.

1. Obxectivos xerais.
 - a) Prestar un servizo á cidadanía máis vulnerable e con maiores dificultades en seis barrios de Vigo.
 - b) Incorporar ao mercado laboral a persoas en situación ou risco de exclusión social para que se convertan en axentes activos do propio proceso de empregabilidade.
2. Obxectivos específicos.
 - a) Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social.
 - b) Proporcionar formación e experiencia laboral relacionada coa atención ás persoas, mediante a realización das actividades de:
 - Acompañamento as persoas que o precisen nas súas labores cotiás.
 - Realizar servizos vitais de apoio a persoas maiores con problemas de mobilidade ou discapacidade.
 - Axuda, información e atención a indixentes e transeúntes.
 - Colaborar cos servizos de hostalaría e turismo nos procesos de información e asesoramento a visitantes.
 - Colaboración cos servizos públicos e de emerxencias.
3. Proporcionar experiencia profesional relacionada coa xestión de administrativa, a atención ao público en proxectos relacionados:
 - a) Xestión, fomento e dinamización dos bancos de tempo en Vigo, como espazos de intercambio de tempo por servizos, e de relacións interpersonais.
4. Colaborar na redución de dano con persoas drogodependentes en situación de emerxencia social, mediante unha unidade móbil no Casco Vello e noutras zonas de conflictividade na cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Fundación ERGUETE-Integración, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuíría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de índole laboral-formativo e experiencial que permitan lograr que os/as traballadores/as sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara a mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 13 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de decembro de 2017:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

CONCELLOS	Paro Actual	Paro Anterior	VARIACION	Total <25	Homes <25	Mulleres <25	Total >25	Homes >25	Mulleres >25
VIGO	23.688	24.307	-619	882	464	418	22.806	9.900	12.906

Paro rexistrado por sector de actividade:

CONCELLO	PARO TOTAL	AGRICULTURA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	PRIMEIRO EMPREGO
VIGO	23.688	415	2.758	1.560	16.999	1.956

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Fundación ERGUETE-Integración da situación das persoas en risco ou situación de exclusión social, así como da falta de persoal especializado no acompañamento e apoio das mesmas no Concello de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervinetes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a contratación de persoas en risco ou situación de exclusión social mediante accións de atención ás persoas presentes na súa área de actuación e do fomento de actividades destinadas ao fomento da solidariedade entre as persoas e da colaboración entre elas.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento municipal do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

V.- Que a Asociación Fundación ERGUETE-Integración non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 14 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación ERGUETE-Integración, o Concello de Vigo e a dita fundación conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Fundación ERGUETE-Integración comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto á acadar directamente a inserción laboral de persoas en risco ou situación de exclusión social, mediante accións de atención ás persoas presentes na súa área de actuación, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito e, concretamente, a asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

- Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a contratación de persoas en situación de risco de exclusión social.
- Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa atención ás persoas, mediante a realización das actividades de:
 - Acompañamento ás persoas que o precisen nas súas labores cotiás.
 - Realizar servizos vitais de apoio a persoas maiores con problemas de mobilidade ou discapacidade.
 - Axudas, información e atención a indixentes e transeuntes.
 - Colaborar cos servizos de hostelería e turismo nos procesos de información e asesoramente a visitantes.
 - Colaboración cos servizos públicos e de emerxencias.
- Facilitar experiencia profesional relacionada coa xestión de administrativa, a atención ao público en proxectos relacionados:
 - Xestión, fomento e dinamización dos bancos de tempo en Vigo, como espazos de intercambio de tempo por servizos, e de relacións interpersonais.
 - Creación e xestión dun banco de libros de texto para as familias de Vigo, poidan compartir e intercambiar os libros de texto e, reduzan o desembolso habitual de principios de cada curso escolar.
 - Colaborar na redución de dano con drogodependentes en situación de emerxencia social, mediante unha unidade móbil no Casco Vello e noutras zonas de conflictividade na cidade de Vigo.
- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
- Na páxina web da entidade e no emprazamento das accións constará en lugar visible un cartel informativo en modelo normalizado. Modelo que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego e deberán contar coa conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego. En todos os casos deberá aparecer de forma ben



visible nos anversos e reversos o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos - como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, mochilas, distintivos e outros elementos que realicen.

- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Fundación ERGUETE-Integración.
3. Conceder directamente á Fundación ERGUETE-Integración unha subvención total por importe de 1.080.000,00 € con cargo á partida 2410 4890020 “Convenio Erguete Inserción laboral”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para os anos 2018 e 2019, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas. Para o ano 2018, o importe da subvención a conceder será de 540.000,00 €, e para o ano 2019 o importe da subvención a conceder será de 540.000,00 €.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co amparo legal do artigo 57 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a vixencia do presente convenio será plurianual, cunha duración de dous anos: dende a aprobación do mesmo ata o 31 de outubro do ano 2019.

Para o pactado no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade total de 1.080.000,00 €, dos cales 540.000,00 con cargo ao orzamento de 2018 e 540.000,00 con cargo ao orzamento de 2019.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 16 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Os anticipos a conta correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio, 2018 e 2019, efectuaranse do seguinte xeito:

- No ano 2018:
 - O 50% da cantidade anual á sinatura do convenio.
 - **O 16,67% da cantidade anual unha vez xustificado o importe correspondente aos meses de xaneiro a outubro.**
- No ano 2019:
 - O 50% da cantidade anual, nos tres primeiros meses do ano.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Asi mesmo, a beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

1. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
2. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
3. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Oitavo.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
- Tres vocais:
 - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
 - Dous membros da Fundación ERGUETE-Integración.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 17 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

- A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluirá a do Presidente e Secretario.
- O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.
- Son funcións propias da Comisión, as seguintes:
 - Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
 - Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
 - Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
 - Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- Para a xustificación dos gastos correspondentes desde o:

1. Os gastos realizados desde o 01/01/2018 ao 31/10/2018, a beneficiaria, antes do 1/12/2018, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.
2. Os gastos realizados desde o 01/11/2018 ao 31/12/2018 a beneficiaria, antes do 1/02/2019, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.
3. Os gastos realizados desde o 01/01/2019 ao 31/10/2019, a beneficiaria, antes do 1/12/2019, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A tal efecto deberá presentar en cada unha das ocasións, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas (memoria de actividades) e dos gastos incorridos (memoria económica); os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 18 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións e Relación nominal de traballadores, ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

–A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o:

- 01 de xaneiro de 2018 ao 31 de outubro de 2019, do seguinte xeito:
 - Con cargo ó orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018, os realizados en concepto de:
 - gastos de persoal desde o 1 de marzo de 2018 ó 31 de decembro de 2018
 - gastos xerais desde o 1 de xaneiro de 2018 ó 31 de decembro de 2018.
 - Con cargo ós orzamentos municipais de 2019 os realizados desde o 1 de xaneiro de 2019 ó 31 de outubro de 2019.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 19 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Fundación ERGUETE-Integración no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 20 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2018.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/04/2024 22:42	Páxina 21 de 21
SUBVENCIONS	CSV: ABAD4F-53D623-EE5585-EEEQHM-GCG15Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		